

INDICE

1- INTRODUCCIÓN.....	Páx. 2
2- NORMATIVA XERAL.....	Páx. 2
3- ACTIVIDADES DO PROGRAMA.....	Páx. 2
4- ACTIVIDADE DEPORTIVA ESCOLAR.....	Páx. 2
4.1 Modalidades	
4.2 Inscripción	
4.3 Organización	
4.4 Documentación	
4.5 Seguro	
4.6 Participantes	
4.7 Idades dos participantes	
4.8 Premios	
4.9 Normas	
4.10 Réxime disciplinario	
5- ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA.....	Páx. 5
5.1 Modalidades	
5.2 Inscripción	
5.3 Organización	
5.4 Documentación	
5.5 Seguro	
5.6 Participantes	
5.7 Idades dos participantes	
5.8 Resto da normativa da actividade deportiva federada.	
6.- MULTIXOGO 6 a 8 anos	Páx. 9
7.- ACTIVIDADE LÚDICA.....	Páx. 9
8- COÑECE O MEU CLUB.....	Páx. 10
9- XOGOS POPULARES.....	Páx. 11
10- EDUCACIÓN DEPORTE E VALORES.....	Páx. 12
11- PROXECTO DEPORTIVO DE CENTRO.....	Páx. 13
12- XOGANDO CO MAR.....	Páx. 14
13- ACTIVIDADES DE TEMPADA.....	Páx. 14
14- ACTIVIDADES FORMATIVAS.....	Páx. 14
15.- PROMOCIÓN DA IGUALDADE A TRAVÉS DO DEPORTE.....	Páx. 14
16.- SEGURO FEDERADO DE 6 A 16 ANOS.....	Páx. 14

NORMATIVA XERAL PROGRAMA XOGADE 2016 - 17

1- INTRODUCCIÓN

O programa Xogade, nacido na tempada 2009-2010 con dúas actividades, segue crescendo ano a ano co obxectivo de promover e fomentar a práctica de actividade física na poboación escolar galega ao abeiro do Plan Galicia Saudable da Xunta de Galicia.

Para a posta en marcha deste programa e ao amparo das competencias das administracións públicas galegas en materia deportiva da LEI 3/2012 de 2 de abril, do deporte de Galicia, a Secretaría Xeral para o Deporte establece, contra o seu presuposto, para o mellor exercicio destas competencias, segundo o artigo 6, Título II desta lei:

- Un convenio anual con cada unha das federacións galegas, onde se establece o desenvolvemento da actividade deportiva federada.
- Unha convocatoria de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva coas Agrupacións Deportivas escolares para o desenvolvemento da actividade deportiva escolar.

Así mesmo, facilita un **seguro deportivo a todos os deportistas federados de 6 a 16 anos**, independentemente da súa modalidade deportiva. Esta é unha medida fundamental para apoiar, sólida e eficazmente, o deporte de base, dentro do compromiso da Xunta de Galicia coa promoción da actividade físico deportiva e os hábitos saudables.

Coa finalidade de minimizar a problemática que supón a xeografía galega de cara á accesibilidade, a Secretaría Xeral para o Deporte inviste un ano máis na **contratación dun servizo de transporte** que garante a todos os escolares o acceso á actividade deportiva en todas as súas modalidades, sempre que o calendario de competición se axuste ao da actividade do programa escolar e que os Servizos Provinciais o consideren oportuno.

2- NORMATIVA XERAL

A Secretaría Xeral para o Deporte, coa colaboración das agrupacións deportivas e federacións galegas, convoca o programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos) en idade escolar para o curso 2016/2017.

3- ACTUACIÓNS DO PROGRAMA

Comezaremos o curso coas seguintes actuacións:

ACTIVIDADE DEPORTIVA ESCOLAR
ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA
MULTIXOGO 6 A 8 ANOS
ACTIVIDADE LÚDICA
COÑECE O MEU CLUB
XOGOS POPULARES
EDUCACIÓN, DEPORTE E VALORES
PROXECTO DEPORTIVO DE CENTRO
XOGANDO CO MAR
ACTIVIDADES DE TEMPADA
ACTIVIDADES FORMATIVAS
PROMOCIÓN DA IGUALDADE A TRAVÉS DO DEPORTE
SEGURO FEDERADO DE 6 A 16

Poderán incorporarse novas actuacións e programas piloto ao longo do ano se xurdise a posibilidade. Serán sempre valoradas pola Secretaría Xeral e polos Servizos Provinciais.

4- ACTIVIDADE DEPORTIVA ESCOLAR

4.1 MODALIDADES

Atletismo en pista
Bádminton
Baloncesto
Balonmán
Béisbol e Sóftbol
Campo a Través

NORMATIVA XERAL PROGRAMA XOGADE 2016 - 17

Duatlón
Fútbol sala
Natación
Orientación
Patinaxe Artística
Tenis de mesa
Voleibol
Xadrez
Xogando co atletismo

4.2 INSCRICIÓN


Poderán inscribirse neste programa, sen precisar licenza federativa, os centros de ensino, ANPAs, clubs, escolas deportivas municipais, agrupacións deportivas, asociacións, etc., que o desexen, pertencentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

A inscrición realizarase a través da páxina web: xogade.xunta.gal, na aplicación "INSCRICIONS". Pódese acceder tamén a través da web da Secretaría Xeral para o Deporte "deporte.xunta.gal".

Para acceder á inscrición, o responsable da entidade solicitará o rexistro a través da web para inscribir equipos e deportistas. As entidades que xa participasen nas tempadas anteriores manteñen o mesmo nome de usuario e contrasinal. As entidades novas no programa recibirán as mesmas dos seus respectivos servizos provinciais.

As datas límite de inscrición están especificadas nas distintas modalidades deste programa.

Para inscribirse, deberán dirixirse ao menú de "equipos" e dar unha "nova entrada" para crear o equipo en primeiro lugar, e a continuación introducir ou vincular aos deportistas.



4.3. ORGANIZACIÓN

A Secretaría Xeral para o Deporte, a través dos servizos provinciais, organizará a actividade correspondente a cada unha das modalidades en función do número de inscritos, adaptándose en cada provincia ás necesidades e posibilidades organizativas de cada servizo.

Para a organización desta actividade contarán coa colaboración das agrupacións deportivas de zona podendo tamén contar cos clubs, concellos ou calquera outra entidade pública ou privada que dende a Secretaría Xeral e os servizos provinciais se estime conveniente.

Para a participación nesta actividade a Secretaría Xeral para o Deporte proverá a todos os escolares dun seguro de accidente deportivo gratuito durante o período de duración da mesma. Así mesmo facilitará un servizo de transporte gratuito nos casos nos que o servizo correspondente o estime necesario, previa solicitude da entidade participante.

NORMATIVA XERAL PROGRAMA XOGADE 2016 - 17

A participación na actividade deportiva escolar será **TOTALMENTE DE BALDE**, por tanto non poderá estar suxeita a ningunha cota de inscrición ou similar.

4.4 DOCUMENTACIÓN

Cada entidade deberá cubrir os seguintes datos no programa:

Datos completos da entidade.

Datos dos ou das responsables.

Datos dos/das deportistas inscritos/as na modalidade deportiva escollida.

O/a responsable garantirá que os datos de cada participante corresponden á realidade.

Unha vez formalizada a inscrición dos participantes no programa XOGADE, deberá imprimir o certificado de inscrición e as fichas carné dos/as deportistas, que facilita o programa de forma automática. No caso de facer cambios nas inscricións, deberán imprimir o novo certificado e os carnés das altas realizadas no programa, xa que ditos documentos serán requiridos na competición. No caso do **carné do deportista** será de carácter opcional nas fases previas, pero obrigatorio a partir das fases provinciais no caso de habelas. Poderá ser substituído polo DNI.

Nas modalidades deportivas de fútbol sala, baloncesto, balonmán e voleibol dito carné será obrigatorio dende a primeira fase ou xornada.

4.5 SEGURO

Todos os participantes na actividade deportiva escolar serán dados de alta nun seguro de accidentes deportivos, que cubrirá a asistencia médica nos centros concertados. A cobertura abrangue exclusivamente as lesións dos deportistas de idades comprendidas entre 6 e 16 anos (o día que cumpren os 17 anos perden esta cobertura) producidas durante os adestramentos e competicións do programa Xogade, dende o seu comezo ata o 31 de maio de 2017.

Os calendarios da actividade semanal de cada provincia poderán visualizarse na web.

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible na web: protocolo de actuación, parte de accidentes, relación de centros concertados.

4.6 PARTICIPANTES

Todos/as participantes terán que xogar na categoría que lles corresponda pola súa idade, agás naqueles deportes nos que as normas técnicas especifiquen outras idades. Só se pode participar nun equipo na mesma modalidade deportiva. Poderase autorizar o cambio de equipo por causas xustificadas, coma o cambio de domicilio familiar ou a desaparición do equipo.

Categoría benxamín: a participación será mixta, agás nas modalidades deportivas nas que se especifique outra cousa.

Categoría alevín: os equipos poderán ser femininos, masculinos e mixtos, agás campo a través e atletismo en pista, nos que as categorías serán masculina e feminina.

Categoría infantil: a competición, en xeral, será feminina e masculina. No xadrez será feminina e masculina/mixta. No caso de organizarse competición por equipos en bádminton serán mixtos. Como excepción, poderase autorizar a participación dunha xogadora en categoría masculina, previa solicitude no servizo provincial e coa autorización do seu responsable legal.

Categoría cadete: haberá competición nesta categoría nas modalidades de bádminton, béisbol e sóftbol, campo a través, duatlón, orientación, tenis de mesa e xadrez. A competición será feminina e masculina e excepcionalmente poderá autorizarse a participación de deportistas de categoría feminina en equipos de categoría masculina mediante o procedemento explicado xa na categoría infantil.

Se un equipo ou deportista clasificado ou seleccionado para a seguinte fase non puidese asistir, deberá xustificalo ante a Secretaría Xeral para o Deporte. Neste caso, será substituído polo seguinte clasificado/a ou seleccionado/a. Os servizos provinciais poderán establecer particularidades a este respecto previa comunicación a través das normativas correspondentes a cada fase.

4.7 IDADES DOS PARTICIPANTES

Con carácter xeral establécense as seguintes categorías para a actividade deportiva.

BENXAMÍN: 2008-2007. ALEVÍN: 2006 - 2005

INFANTIL.: 2004-2003. CADETE: 2002-2001

NORMATIVA XERAL PROGRAMA XOGADE 2016 - 17

As modalidades que se rexen por estas idades son: BÁDMINTON, BALONCESTO, BALONMÁN, DUATLÓN, FÚTBOL SALA, TENIS DE MESA e XADREZ.

As que se rexen por idades distintas son:

MODALIDADES ACTIVIDADE DEPORTIVA ESCOLAR	BENXAMÍN	ALEVÍN	INFANTIL	CADETE
ATLETISMO PISTA E CAMPO A TRAVÉS	2009-2008	2007-2006	2005-2004	2003-2002
XOGANDO CO ATLETISMO	2009-2008	2007-2006- 2005		
BÉISBOL E SÓFTBOL	2008-2007-2006		2005-2004	Feminino 2003-2002- 2001 Masculino 2003-2002
NATACIÓN	2008-2007	2006-2005		
ORIENTACIÓN			2004-2003	2002-2001
PATINAXE ARTÍSTICA	2008-2007-2006-2005		2004-2003-2002-2001	
VOLEIBOL	2009- 2008-2007	2006-2005	2004-2003	2002-2001

A actividade deportiva constará de tres fases: local ou comarcal, intercomarcal (se procede) e provincial. Na modalidade de campo a través realizarase, a continuación, unha fase autonómica.

4.8 PREMIOS

Os tres primeiros clasificados, das fases intercomarcais (se procede) e provinciais, recibirán como recoñecemento os premios correspondentes, proporcionados polos servizos provinciais, directamente ou a través das agrupacións deportivas colaboradoras. No caso dos deportes de equipo que así o especifiquen segundo normativa, tamén recibirá premio o cuarto clasificado.

A Secretaría Xeral para o Deporte proporcionará os trofeos e medallas do “Campionato Galego de Campo a Través”.

4.9 NORMAS

Os regulamentos de xogo, sancións, recursos etc. serán os que figuran nas bases xerais e normas técnicas de cada deporte. Así mesmo, todos os aspectos non recollidos nestas normas regularanse pola normativa das respectivas federacións galegas de acordo cos servizos provinciais organizadores.

4.10 RÉXIME DISCIPLINARIO

Entendendo que na actividade deportiva escolar deben primar os aspectos educativos, dando maior peso ao obxectivo da participación que ao competitivo, non debería ser preciso o desenvolvemento dun réxime disciplinario mais alá das propias normas de convivencia e educación existentes nunha sociedade como a nosa. Aínda así, se fose preciso, poderá ser aplicado o establecido para a actividade deportiva federada.

5- ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA

As federacións galegas no cumprimento das súas funcións de promoción das súas modalidades deportivas así como da organización de competicións oficiais autonómicas, establecidas no artigo 56, sección 3º, CAP II de entidades deportivas da Lei 3/2012 de 2 de abril, organizarán a competición deportiva federada en idade escolar, tendo sempre en conta a obriga de cumprimento establecida para estas entidades no convenio anual coa Secretaría Xeral para o Deporte.

NORMATIVA XERAL PROGRAMA XOGADE 2016 - 17

5.1 MODALIDADES

Baloncesto
 Balonmán
 Fútbol sala
 Judo
 Loita Olímpica
 Natación sincronizada
 Taekwondo
 Triatlón/Duatlón
 Voleibol
 Ximnasia Rítmica, Trampolín, Ximnasia Acrobática e Ximnasia Artística.

5.2 INSCRICIÓNS

Poderán inscribirse neste programa aos deportistas con licenza federativa de centros de ensino, ANPAs, clubs, escolas deportivas municipais, agrupacións deportivas, asociacións, etc., que o desexen, pertencentes á Comunidade Autónoma de Galicia.

A inscrición realizarase a través da páxina web: xogade.xunta.gal, na aplicación “INSCRICIONS”. Pódese acceder tamén a través da web da Secretaría Xeral para o Deporte “deporte.xunta.es”.

Para acceder á inscrición, o responsable da entidade solicitará o rexistro a través da web para inscribir equipos e deportistas. As entidades que xa participasen nas tempadas anteriores manteñen o mesmo nome de usuario e contrasinal. As entidades novas no programa recibirán usuario e contrasinal dos seus respectivos servizos provinciais.

As datas límite de inscrición están especificadas nas distintas modalidades deste programa.

Para inscribirse, o primeiro paso será entrar no menú de “Equipo” e dar una “Nova entrada” para xerar o equipo e a continuación introducir ou vincular aos deportistas.

Ao seleccionar no programa a actividade deportiva federada aparecerán as modalidades dispoñibles, así como as categorías en cada un dos casos.

The screenshot shows the 'Equipos · nova entrada' page. At the top, there is a navigation menu with 'Inicio', 'Informes', 'Entidad', 'Equipos', 'Responsables', and 'Participantes'. The 'Equipos' tab is active. Below the navigation, there are 'gravar' and 'cancelar' buttons. The main content area is a light blue box with the following sections:

- Actividade deportiva escolar**
 - É unha actividade gratuita
 - Non é preciso ter licenza
- Actividade deportiva federada**
 - É obrigatorio poseer licenza federativa
- Actividade lúdica**
 - É unha actividade gratuita para Centros de ensino
 - Soamente permítese tres inscricións por centro

Below these sections, there is a dropdown menu for 'Programa de modalidades' with 'Actividade deportiva federada' selected. A second dropdown menu is open, showing a list of sports: Baloncesto, Balonmán, Fútbol sala, Judo, Loita olímpica, Natación, Natación sincronizada, Taekwondo, Triatlón, Voleibol, and Ximnasia rítmica. Below this, there are three more dropdown menus: 'Categoría' (with '--seleccionar--' selected), 'Subcategoría' (with '--seleccionar--' selected), and 'Equipo' (with an empty text input field).

5.3 ORGANIZACIÓN

Esta actividade estará organizada polas diferentes federacións galegas, en base ao convenio anual que a Secretaría Xeral para o Deporte firma con cada unha delas.

Para a participación nesta actividade, a Secretaría Xeral para o Deporte facilitará gratuitamente o seguro de accidente deportivo asociado á licenza da federación correspondente en cada unha das modalidades, para todos os deportistas participantes.

NORMATIVA XERAL PROGRAMA XOGADE 2016 - 17

Para o coñecemento das bases de competición, os interesados deberán dirixirse á federación deportiva organizadora, para o que se establecen os seguintes datos de contacto:

BALONCESTO, Estadio Multiusos de San Lázaro, porta 14. 15890 – Santiago de Compostela (A Coruña)
Tel.: 981 585 040 / 981.565.700 Fax: 981.566.066
E-mail: secretaria@fegaba.com // direccion@fegaba.com Web: www.fegaba.com

BALONMÁN, Casa do deporte, Rúa Fotógrafo Luis Ksado, 17 – baixo, local 3. 36209–Vigo (Pontevedra).
Tel.: 986.410.618 / 986.420.176 Fax: 986.172829
E-mail: secretaria@fgbalonman.com Web: www.fgbalonman.com

FÚTBOL SALA, Complexo Deportivo de Elviña, Praza de Agustín Díaz, 1. 15008 – A Coruña
Tel: 981.134.238 Fax: 981.134.229
E-mail: federacion021987@hotmail.com Web: www.fgfs-galicia.com

JUDO E D.A., Complexo Deportivo de Elviña, Praza de Agustín Díaz, 1. 15008 – A Coruña
Tel.: 981.133.758 Fax: 981.132.440
E-mail: galiciajudo@fgjudo.com Web: www.fgjudo.com

LOITA, Casa do Deporte, Rúa Fotógrafo Luis Ksado, 17, local 6. 36209 – Vigo. (Pontevedra)
Tel.: 986 247 519 Fax: 986.247.521
E-mail: info@fegaloita.org Web: www.fegaloita.org

NATACIÓN, Complexo Deportivo de Elviña, Praza de Agustín Díaz, 1. 15008 – A Coruña
Tel.: 981 174 377 Fax: 981.290.900
E-mail: info@fegan.org Web: www.fegana.com

TAEKWONDO, Complexo Deportivo de Elviña, Praza de Agustín Díaz, 1. 15008 – A Coruña
Tel.: 981 130 487 Fax: 981 134 996
E-mail: info@taekwondogalego.com Web: www.taekwondogalego.com

TRIATLÓN E PÉNTATLON MODERNO, Rúa Castelao, 21 – entrechán 2. 27001 – Lugo.
Tel.: 982 251 345 Fax: 982.109.800
E-mail: fegatri@hotmail.com Web: www.fegatri.org

VOLEIBOL, Complexo Deportivo de Elviña, Praza de Agustín Díaz, 1. 15008 – A Coruña
Tel.: 981 134 453 Fax: 981.132.959
E-mail: correo@fgvb.es Web: www.webgalega.com/fgvb

XIMNASIA, Estadio do Couto, Rúa Carlos Maside s/n. 32002 – Ourense.
Tel.: 988 238 999 Fax: 988.392.168
E-mail: info@ximnasia.com Web: www.ximnasia.com

5.4 DOCUMENTACIÓN

Cada entidade deberá cubrir no procedemento de inscrición a través de Internet os seguintes datos:

Datos completos da entidade.

Datos dos/das responsables.

Datos dos/das deportistas inscritos/as na modalidade elixida.

O/a responsable garantirá que os datos de cada participante corresponden á realidade.

NORMATIVA XERAL PROGRAMA XOGADE 2016 - 17

Será a normativa establecida por cada unha das federacións a que determine a documentación obrigatoria a presentar no momento da competición, podendo ser o certificado de inscrición, que de forma automática facilita o programa ou ben a licenza deportiva, por ser esta de carácter obrigatorio para a participación na actividade deportiva federada

5.5 SEGURO

Todos os participantes na actividade deportiva federada serán dados de alta nun seguro deportivo de accidentes, que cubrirá a asistencia nos centros concertados ao longo da tempada de vixencia da súa licenza federativa, sempre que as súas idades estean comprendidas entre os 6 e os 16 anos. O mesmo día que o/a deportista cumpre os 17 anos deberá contar con outro seguro da federación.

Toda a documentación referente á cobertura do seguro está dispoñible na web: protocolo de actuación ante accidentes, parte de accidentes e relación de centros concertados.

5.6 PARTICIPANTES

Todos/as participantes terán que xogar na categoría que lles corresponda pola súa idade, agás naqueles deportes nos que as normas técnicas especifiquen outras idades. En ningún caso os/as xogadores/as poderán pertencer a máis dun equipo da mesma modalidade deportiva ao longo de toda a tempada. Só se autorizarán cambios de equipo no medio da tempada en casos excepcionais e debidamente xustificadas (casos de forza maior como traslado familiar, etc.), necesitando a autorización expresa da federación.

Categoría benxamín: a participación será mixta, agás nas modalidades deportivas nas que se establezan outras categorías.

Categoría alevín: os equipos poderán ser femininos, masculinos e/ou mixtos, segundo normativa.

Categoría infantil: a competición será feminina e masculina. De maneira excepcional e previa autorización da federación poderán aceptarse equipos mixtos.

Categoría cadete: a competición será feminina e masculina.

Para máis información, consultar as bases da normativa da competición de cada unha das federacións.

5.7 IDADES DOS PARTICIPANTES

Con carácter xeral establécense as seguintes categorías para a actividade deportiva federada.

BENXAMÍN: 2008-2007. ALEVÍN: 2006 - 2005

INFANTIL: 2004-2003. CADETE: 2002-2001

As modalidades que se rexen por estas idades son: BALONCESTO, BALONMÁN, FÚTBOL SALA, JUDO, TENIS DE MESA, TAEKWONDO e TRIATLÓN/DUATLÓN.

As que se rexen por idades distintas son:

MODALIDADES ACTIVIDADE DEPORTIVA FEDERADA	BENXAMÍN	ALEVÍN	INFANTIL	CADETE
LOITA OLÍMPICA	2008-2007-2006-2005		2004-2003-2002	2001
NATACIÓN SINCRONIZADA	2008-2007	2006-2005		
VOLEIBOL	2009-2008-2007	2006-2005	2004-2003	2002-2001
XIMNASIA	2009-2008	2008-2007-2006	2006-2005-2004	2004-2003-2002

Cómpre a consulta da regulamentación específica de cada modalidade deportiva, xa que poden variar dependendo do deporte.

NORMATIVA XERAL PROGRAMA XOGADE 2016 - 17

O desenvolvemento das actividades deportivas será establecido por cada unha das federacións deportivas en colaboración coa Secretaría Xeral para o Deporte, segundo o recollido no convenio anual existente entre ambas partes.

5.8 RESTO DE NORMATIVA

Todos os aspectos da Actividade Deportiva Federada virán determinados polo establecido por cada Federación Galega da modalidade en cuestión.

6- MULTIXOGO 6 a 8 ANOS

Esta actividade realizarase a partir do 1 de xaneiro. Os Servizos Provinciais, a través das Agrupacións Deportivas, organizarán xornadas multidisciplinares para nenos e nenas de 1º e 2º de Educación Primaria ás que toda entidade interesada se poderá apuntar.

Cada organizador adaptará os contidos segundo as posibilidades e intereses do seu contorno, mantendo sempre o carácter práctico e lúdico destas actividades puntuais.

Desde o xogo e a motricidade global presentarase a Actividade Física como diversión para que entre a formar parte das súas vidas como primeiro paso para un estilo de vida activo e saudable.

Esta proposta busca aportar experiencias de práctica de actividade física sen ningún tipo de condicionamento cara a unha disciplina concreta. Unha vivencia do movemento que, lonxe dos modelos de especialización, amplíe a súa experiencia motriz e o gusto pola actividade e o movemento.

7- ACTIVIDADES LÚDICAS

As actividades lúdicas ofertadas dentro do Programa XOGADE 2016-2017, teñen como obxectivo principal o achegamento dos escolares a diferentes disciplinas deportivas empregando a mellor das ferramentas das que se dispón en educación: O XOGO.

A través do XOGO os nenos e nenas tanto de primaria como de secundaria terán a posibilidade de divertirse ao mesmo tempo que realizan a súa primeira inmersión en diferentes deportes.

Dende a Secretaría Xeral para o Deporte quérese dotar aos centros escolares dos medios humanos e materiais necesarios para levar a cabo esta aproximación dentro do propio centro escolar.

Serán xornadas de achegamento de diferentes modalidades deportivas aos centros educativos para proporcionarlles aos escolares un primeiro contacto, empregando o xogo como ferramenta educativa.

As actividades realizaranse en horario lectivo durante unha ou dúas mañás dependendo de cada actividade e serán levadas a cabo por técnicos da federación correspondente.

O profesorado dispón dunha unidade didáctica na web de xogade para poñer en práctica no centro.

PARTICIPANTES

Os escolares de primaria, secundaria e bacharelato dos centros de ensino pertencentes á Comunidade Autónoma de Galicia, previa solicitude por parte dos centros escolares.

ACTIVIDADES LÚDICAS	CATEGORÍAS	DATA LÍMITE DE INSCRICIÓN
BÁDMINTON NA ESCOLA	PRIMARIA SECUNDARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2016
BAILE DEPORTIVO	6.º PRIMARIA 1.º SECUNDARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2016
BÉISBOL E SOFTBOL	PRIMARIA SECUNDARIA 1º. BACHARELATO	15 DE NOVIEMBRE DE 2016
COLOMBOFILIA	PRIMARIA SECUNDARIA 1º BACHARELATO	15 DE NOVIEMBRE DE 2016

NORMATIVA XERAL PROGRAMA XOGADE 2016 - 17

ESGRIMA	5º -6º PRIMARIA SECUNDARIA BACHARELATO	15 DE NOVIEMBRE DE 2016
ESPELEOLOXÍA	4º-5º-6º PRIMARIA 1º-2º SECUNDARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2016
JUDO NA ESCOLA	PRIMARIA SECUNDARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2016
LOITA OLÍMPICA NA ESCOLA	PRIMARIA SECUNDARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2016
ORIENTACIÓN NA ESCOLA	PRIMARIA SECUNDARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2016
REMO NA ESCOLA	5.º-6.º PRIMARIA SECUNDARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2016
RUGBY NA ESCOLA	5.º-6.º PRIMARIA SECUNDARIA 1º. BACHARELATO	15 DE NOVIEMBRE DE 2016
TAEKWONDO NA ESCOLA	PRIMARIA SECUNDARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2016
VOLEIBOL NA ESCOLA	5.º-6.º PRIMARIA 1.º-2.º SECUNDARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2016
XADREZ NA ESCOLA	4.º-5.º PRIMARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2016
XIMNASIA NA ESCOLA	PRIMARIA SECUNDARIA	15 DE NOVIEMBRE DE 2016

INSCRICIÓN

A solicitude realizarase na aplicación da web xogade.xunta.gal, no apartado “inscrición” ou ben accedendo directamente á aplicación desde o seguinte enlace: www.deporteescolargalego.com

Cada centro poderá inscribirse como máximo en tres actividades. O 15 de novembro, unha vez rematado o prazo de solicitude, comezará o proceso de validación, segundo os criterios publicados na web.

Os centros escolares que obteñan a validación a través da web serán avisados por correo electrónico, e recibirán por esta vía as instrucións para poñerse en contacto coa federación correspondente e acordar a data de realización.

CRITERIOS DE VALIDACIÓN

Os centros escolares que soliciten esta actividade serán atendidos baseándose nos seguintes criterios de validación:

- Grao de participación no programa Xogade.
- Posibilidades xeográficas de realización.
- Reparto equitativo (solicitudes por provincia).
- Non ter validada a mesma actividade en anos anteriores.
- Orde de inscrición.

8- COÑECE O MEU CLUB

Con este programa preténdese facilitar aos escolares o coñecemento dos recursos deportivos dispoñibles na súa poboación, ofrecéndolles así unha alternativa de ocupación para o seu tempo libre, e fomentar a práctica da actividade física entre a nosa poboación escolar. O obxectivo é poñer así en mans dos nosos

NORMATIVA XERAL PROGRAMA XOGADE 2016 - 17

alumnos e alumnas a maior cantidade de recursos posibles, que lles axuden na consecución de hábitos cada vez máis activos e saudables.

En que consiste?

En achegar aos escolares os recursos deportivos dispoñibles na súa poboación, e ofrecerlles unha alternativa de ocupación para o seu tempo de lecer, que lles axude na consecución de hábitos activos e saudables.

Os técnicos do club visitarán os centros escolares para facer unha presentación práctica e lúdica do seu deporte, tamén explicarán o funcionamento do club (localización, horarios de adestramento, competicións) e invitarán aos escolares a compartir un dos seus adestramentos. Crearase así un vínculo importante entre o centro escolar e o club da localidade.

O centro escolar deberá emitirlle un certificado por duplicado ao club que realice a actividade, unha vez finalizada esta, onde especifiquen os datos de realización da mesma requiridos e publicados na web.

O club terá a responsabilidade de asegurarse de que uns dos certificados sexa remitido ao Sevizo Provincial correspondente, para que alí conste aos efectos oportunos de posibles subvencións.

A quen vai dirixido?

Ao colectivo escolar galego, como receptores da actividade e a todos os clubs deportivos que estean inscritos no Rexistro de Clubs da Comunidade Autónoma de Galicia.

Como facer a solicitude?

Na paxina web xogade.xunta.gal, os clubs interesados deberán rexistrarse en Xogade, e poñer os seus datos a disposición dos centros de ensino da súa localidade que puidesen estar interesados nesta actividade.

Condicións do club:

Deberá estar rexistrado na federación deportiva correspondente na súa modalidade.

Posta en práctica:

FASE 1. Realización da solicitude por parte do club.

FASE 2. O centro escolar poderá ver na web os clubs solicitantes.

FASE 3. O centro escolar establecerá contacto co club segundo os seus intereses.

FASE 4. Visita do club ao centro escolar en horario lectivo para presentar a súa modalidade.

FASE 5. (Optativa para o centro) visita ás instalacións do club co alumnado interesado para coñecer e practicar esa modalidade. (O transporte, en caso de ser necesario, correrá a cargo do centro escolar).

9- XOGOS POPULARES

En que consiste?

Cada Servizo Provincial cederá en préstamo, durante unha semana, un lote de material aos centros educativos que o soliciten que consta de:

1. Expositores para colocar no centro escolar:

O centro escolar disporá de despregables verticais con estrutura de aluminio para montar a exposición. Neles explícanse mediante texto e imaxes diferentes xogos populares e tradicionais atendendo aos seguintes epígrafes:

Nome do xogo.

Materiais e espazos necesarios.

Descrición do xogo.

Regulamento (en caso necesario).

Variantes do xogo.

2. Baúl de xogos:

Contén o material necesario para poñer en práctica os xogos expostos.

3. Unidades didácticas:

Adaptadas ás diferentes idades dos participantes, para que o profesorado poida poñelas en práctica co seu alumnado.

NORMATIVA XERAL PROGRAMA XOGADE 2016 - 17

Criterios de validación:

Os centros escolares que soliciten esta actividade serán atendidos baseándose nos seguintes criterios de validación:

- Grao de participación no programa Xogade.
- Posibilidades xeográficas de realización.
- Reparto equitativo (solicitudes por provincia).
- Non ter validada a mesma actividade en anos anteriores.
- Orde de inscrición.

Inscrición:

Na paxina web deporte.xunta.gal, dentro do programa Xogade, cubrindo os datos requiridos para solicitar a actividade. O 15 de novembro, unha vez rematado o prazo de solicitude, comezará o proceso de validación, segundo os criterios publicados na web.

Os centros escolares que obteñan a validación na web serán avisados por correo electrónico e recibirán por este medio as instrucións para a recollida/recepción do material e para a súa devolución.

10- EDUCACIÓN, DEPORTE E VALORES

O deporte ten valores de seu como o traballo en equipo, o respecto polo compañeiro, a delegación de tarefas, a corresponsabilidade, o esforzo en favor dun obxectivo común, a superación persoal..., valores todos eles que poden ser aplicables a todos os ámbitos da vida persoal e profesional dos nenos e nenas.

Con este proxecto queremos presentar Xogade non só como o espazo para a práctica da actividade física, senón como unha plataforma de educación a través do deporte, e aproveitar a estrutura xa vixente como unha oportunidade para educar e promover condutas e valores.

En que consiste?

Exposición itinerante polos centros educativos. Con este material preténdese axudar ao profesorado a divulgar entre o colectivo escolar o fomento dos valores promovidos a través da práctica deportiva. Está dirixido a todo o colectivo escolar.

Obxectivos:

- Construír unha ferramenta de traballo para titores, mestres e monitores, así como para todos os axentes involucrados no deporte base que poidan exemplificar os valores inherentes ao deporte.
- Uniformar as diferentes iniciativas que xa están levando a cabo co seu alumnado os docentes nos seus centros, e propoñer unha liña de traballo conxunta.
- Presentar o deporte como ferramenta educadora e formadora de condutas e valores de desenvolvemento individual e social.
- Fomentar e desenvolver a educación multicultural e inclusiva grazas ao potencial pedagóxico do deporte.
- Previr calquera tipo de violencia ou discriminación (xénero, raza, clase social...) a xenofobia e as condutas violentas, non só no ámbito do deporte senón como exemplo extrapolable á súa futura vida social e profesional.
- Mellorar a convivencia entre equipos e as relacións que se producen nas competicións e fomentar a convivencia e o respecto mutuo.

Contidos:

1. RESPECTO:

- Respecto cara ao árbitro.
- Respecto cara aos compañeiros/as.
- Respecto cara aos rivais.

2. IGUALDADE:

- Igualdade de xénero.
- Igualdade de raza.
- Igualdade cara á discapacidade.

3. ESFORZO:

- O deporte como exemplo de superación.
- Aprendemos se practicamos, o adestramento como escenario.
- Ser constante no traballo sen deixar as cousas a medias.

NORMATIVA XERAL PROGRAMA XOGADE 2016 - 17

4. NON VIOLENCIA:

Prevención da violencia física.
Prevención da violencia verbal.
O diálogo.

5. COOPERACIÓN:

Traballo en equipo.
Axudar ao compañeiro.
Compartir cousas.

6. DIVERSIÓN:

O primeiro é divertirse.
O deporte é un xogo.

7. XOGO LIMPO:

As regras do xogo son importantes.

8. TOLERANCIA:

Cada un de nós é diferente ao outro.

9. RESPONSABILIDADE PERSOAL:

Puntualidade.
Materiais.
Compromiso persoal co equipo.
Criterios de validación:

Os centros escolares que soliciten esta actividade serán atendidos baseándose nos seguintes criterios de validación:

Grao de participación no programa Xogade.
Posibilidades xeográficas de realización.
Reparto equitativo (solicitudes por provincia).
Non ter validada a mesma actividade en anos anteriores.
Orde de inscrición.

Inscrición:

Na paxina web deporte.xunta.gal, dentro do programa Xogade, cubrindo os datos requiridos para solicitar a actividade

O 15 de novembro, unha vez rematado o prazo de solicitude, comezará o proceso de validación segundo os criterios publicados na web.

Os centros escolares que obteñan a validación na web serán avisados por correo electrónico e recibirán por este medio as instrucións para a recollida/recepción do material e para a súa devolución.

11- PROXECTO DEPORTIVO DE CENTRO – CENTROS ACTIVOS E SAUDABLES

O Proxecto Deportivo de Centro – Centros Activos e Saudables busca coordinar todos os esforzos da comunidade educativa dentro e fóra do horario lectivo e dentro e fóra do centro escolar para aumentar a actividade física saudable dos nosos escolares dentro do Plan Galicia Saudable. Para isto ofrece distintas ferramentas no marco do Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria como son:

- plataforma DAFIS,
- programa Máis e Mellor Actividade Física,
- Móvete +
- Camiña/En bici á escola.

Inscrición:

Para máis información consultar o enlace do Plan Proxecta <http://www.edu.xunta.gal/portal/node/19909>

NORMATIVA XERAL PROGRAMA XOGADE 2016 - 17

12- XOGANDO CO MAR

Esta actividade nace para dar cabida a un conxunto de proxectos que se veñen desenvolvendo en diferentes puntos da nosa xeografía coa finalidade de acercar aos escolares galegos a un medio tan importante para a nosa Comunidade Autónoma como é o MAR.

O denominador común destes proxectos será o emprego do mar, do remo e da vela como instrumentos de xogo para traballar cos rapaces e rapazas contidos transversais entre diferentes áreas.

Inscrición:

Contactar coa entidade correspondente á súa zona, dentro das ofertadas na páxina do programa xogade.

13- ACTIVIDADES DE TEMPADA

NADA E CORRE

Esta actividade dependerá totalmente da Federación Galega de Triatlón.

Consistirá en nado en piscina e carreira. As distancias variarán segundo as categorías: benxamín, alevín, infantil e cadete.

Para máis información deberase consultar a normativa específica na páxina da federación www.fegatri.org

CORRENDO POR GALICIA

Esta proposta parte do apoio que a Secretaría Xeral para o Deporte quere dar ás iniciativas de moitas entidades galegas que xa teñen en marcha diversas carreiras populares con traxectoria contrastada no noso calendario autonómico.

Deste xeito, todos os organizadores das carreiras apoiadas polos Servizos Provinciais poderán mutualizar de balde aos deportistas con idades comprendidas entre os 6 e os 16 anos.

Inscrición:

O organizador deberá contactar co servizo provincial correspondente. Despois recibirá un usuario e clave para realizar a inscrición de cada deportista na carreira correspondente. Este seguro é puntual e persoal, tendo que volver a mutualizar a un mesmo deportista se desexa participar noutra carreira do mesmo programa.

14- ACTIVIDADES FORMATIVAS

Iníciase no curso 2016/2017 unha proposta de formación.

Proporáanse actividades de formación para profesorado e técnicos que cubran as súas demandas. Impartirase un curso para profesores sobre xogos e deportes tradicionais e/ou populares, xa que é un eido a recuperar e non debemos permitir que se perda a nosa identidade cultural.

Tamén se proporán diferentes cursos, en función das necesidades detectadas, que poderían abrirse a outros colectivos da comunidade deportiva.

15- PROMOCIÓN DA IGUALDADE A TRAVÉS DO DEPORTE

Nesta campaña tratarase o tema de muller e o deporte, buscando a igualdade aínda non acadada.

Constará de carteis, vídeo e spot de promoción e unhas charlas en centros escolares nas que deportistas de nivel analizarán a súa experiencia e as súas dificultades na súa vida deportiva.

16- SEGURO FEDERADO DE 6 A 16

A Xunta de Galicia proporciona un seguro deportivo gratuíto para todos os federados de 6 a 16 anos. Esta é unha medida fundamental para apoiar, sólida e eficazmente, o deporte de base, dentro do compromiso da Xunta de Galicia pola promoción da actividade físico deportiva e os hábitos saudables.

Serán as federacións deportivas galegas (co seu usuario e clave de federación ou de axudante) as que dean de alta aos deportistas no momento de tramitar a licenza federativa, Poderán facelo importando un excel ou directamente no caso de que o número de deportistas a asegurar sexa asumible.

NORMATIVA XERAL PROGRAMA XOGADE 2016 - 17

The screenshot shows the 'Actividade Federada Escolar' section of the XOGAde website. At the top, there is a navigation bar with links for 'Inicio', 'Informes', 'Entidades', and 'Seguro deportivo 6-16'. A dropdown menu shows 'curso 2014-2015'. Below this is a search bar with the title 'Actividade Federada Escolar' and the label 'BUSCADOR'. The search bar contains four input fields: 'Apellidos', 'Nome', 'Identificador', and 'Nome club', followed by a 'Concello' dropdown menu with 'Seleccionar todos' and a 'Buscar' button. Below the search bar are two buttons: 'Nova entrada' and 'Importación masiva (beta)'. A table header is visible with columns: 'APELLIDOS', 'NOME', 'IDENTIFICADOR', 'DATA DE INSCRIPCIÓN', 'DATA DE NACEMENTO', 'CONCELLO', and 'NOME CLUB'. Below the header, it says 'Non hai resultados que amosar'. At the bottom of the table area, there are again two buttons: 'Nova entrada' and 'Importación masiva (beta)'.

- O modelo de excel a empregar será facilitado dende a Secretaría Xeral para o Deporte.
- Na barra do menú inferior aparecerá un botón para a función de "Importar excel"
- Deberán importar a totalidade de deportistas federados de 6 a 16 anos que desexen asegurar ao tramitarlles a licenza federativa. Isto é independente do feito de que os clubs introduzan aos deportistas na actividade deportiva federada, xa que é a federación a única con competencia na tramitación de licenza deportiva.

Inscripción:

A través da federación galega correspondente, que realizará as altas na páxina do programa Xogade.